

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DA FFT

O presente regulamento supón, como é preceptivo, o desenvolvemento do artigo 4. Prácticas externas curriculares, do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno do 24 de maio de 2012.

1. Este regulamento afecta ás prácticas externas curriculares correspondentes a todas as titulacións do centro, tanto de Grao coma de Posgrao.
2. As prácticas externas curriculares disporán da súa guía docente nas mesmas condicións que calquera outra materia, segundo a normativa da Universidade de Vigo.
3. As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 12.6 do RD 1393/2007. O seu horario establecerase procurando a garantía do correcto desenvolvemento e seguimento do resto da actividade académica do alumnado, de acordo coas características da práctica e a dispoñibilidade da entidade colaboradora.
4. No caso de que a materia de prácticas sexa obrigatoria, deberanse garantir prazas para todo o alumnado matriculado nesta.
5. No caso de que a materia de prácticas sexa optativa (caso do Grao en Tradución e Interpretación), poderá establecerse un *numerus clausus* anual axustado á oferta de prazas dispoñibles para a súa realización. O devandito número será establecido polo centro, feito público e comunicado cada ano polo centro ao Servizo de Alumnado, antes da apertura do período ordinario de matriculación. Tendo en conta a limitación de prazas e as condicións específicas da materia, esta non se ofrecerá ao alumnado de intercambio alleo.
6. O procedemento de oferta e difusión das prácticas corresponderalles ás CAM (Comisión Académica do Mestrado) no caso dos mestrados. No caso do Grao en Tradución e Interpretación, o procedemento será como segue:

- a) O alumnado que desexe matricularse na materia deberá facer unha preinscrición, no prazo que se indique.
- b) Unha vez finalizado ese prazo, o centro fará unha selección do alumnado, axustada ao número de prazas dispoñibles, segundo os seguintes criterios:

-Perfil lingüístico, determinado polas necesidades da oferta de prazas.

-Expediente académico (establécese como condición ter o 90% dos créditos dos cinco primeiros cuatrimestres do grao superados, é dicir, 135 créditos dos 150).

- c) O alumnado coñecerá os resultados da preselección a través da súa secretaría virtual.
 - d) A Facultade autorizará o alumnado preseleccionado para que poida matricularse.
7. O procedemento de adxudicación da entidade colaboradora en que se realizarán as prácticas ao alumnado farase, no caso dos mestrados, de acordo co establecido nos correspondentes regulamentos internos. No caso do Grao en Tradución e Interpretación, os alumnos e alumnas, unha vez matriculados, serán convocados por perfís para escolleren destino por orde de expediente académico.
 8. O procedemento de asignación de titores e titoras de prácticas corresponderalles, no caso dos mestrados, ás CAM; no caso do Grao en Tradución e Interpretación, farán as tarefas de titorización os profesores e profesoras que xestionaron os convenios, ou os docentes en quen estes deleguen. En todo caso, cada titora ou titor non se responsabilizará de máis de 5 estudantes.
 9. Asinados os convenios, os proxectos formativos serán aprobados polas CAM no caso dos mestrados e polas coordinadoras ou coordinadores no caso do Grao en Tradución e Interpretación.
 10. Os informes (segundo o modelo do anexo I) e a memoria de prácticas á que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 1707/2011 deben entregárselles ao titor ou titora unha semana antes do remate do prazo de entrega de actas.
 11. O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas será como segue: a cualificación proposta no informe remitido polo titor ou titora na empresa, no que constarán as actividades realizadas pola alumna ou alumno, representará un 70% da cualificación final; a memoria realizada pola

alumna ou alumno, na que se describirán as actividades realizadas, será avaliada polo titor ou titora da universidade, quen propondrá unha cualificación que representará o 30% da nota final.

Disposición transitoria:

No proceso de selección correspondente á preinscrición na materia de Prácticas do Grao en Tradución e Interpretación, a condición de ter o 90 % dos créditos superados (apartado 6.b) aplícase, no que se refire ao o curso 2012-13, aos 180 créditos correspondentes aos primeiros 6 cuadrimestres do grao, xa que, excepcionalmente, este proceso se realizará a partir de setembro, estando xa dispoñibles as cualificacións definitivas das dúas edicións das actas de todas as materias.

O presente ***Regulamento do Prácticas Académicas Externas*** entrará en vigor no día seguinte da súa aprobación en Xunta de Facultade.

Dilixencia para facer constar que o presente *Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Facultade de Filoloxía e Tradución* foi aprobado pola Xunta de Facultade o día 27 de xullo de 2012.

O Secretario da FFT

Jorge L. Bueno Alonso

ANEXO I

CERTIFICADO DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS

Don/Dona (...) como titor/a do/a alumno/a Don/Dona (...) con DNI (...) certifico que durante o período de (...) a (...) realizou baixo a miña supervisión as prácticas do Grao en Tradución e Interpretación, coas seguintes actividades:

Segundo o traballo realizado a cualificación proposta é de (...) (Valor entre 0 e 10).

Aos efectos oportunos, asino o presente informe en o de de

Asdo.: